

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2018 pola que se somete a información pública a delimitación dos espazos e dos usos portuarios do porto de Cedeira.*

A entidade pública empresarial Portos de Galicia elaborou a Delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) do porto de Cedeira (termo municipal de Cedeira, A Coruña), en cumprimento do artigo 52 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Este documento sométese a información pública para que as persoas ou entidades interesadas poidan presentar por escrito as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas, dispoñendo para isto do prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da data da publicación deste anuncio.

As reclamacións ou alegacións poderán ser presentadas nas oficinas dos servizos centrais do ente público, situadas na praza de Europa, nº 5A, 6º, 15707 Santiago de Compostela, ou ben nas oficinas da zona norte de Portos de Galicia, na rúa Nicomedes Pastor Díaz, 13, 1º, 27002 Lugo, onde se poderá tamén examinar o documento referido durante o prazo indicado e nos días hábiles, das 9.00 ás 14.00 horas. Así mesmo, a documentación estará á disposición na páxina web [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com), na epígrafe Áreas temáticas/Planificación.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

José Juan Durán Hermida  
Presidente de Portos de Galicia

